



CIG

Boletín Sindical

Nº 90- 2025

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Mobilización o 10 de decembro en Compostela por un cambio radical nos Orzamentos da Xunta

A campaña 'Por unha Galiza con dereitos, traballo digno e igualdade' que vertebra toda a acción sindical que a CIG está a desenvolver terá o mércores 10 de decembro o seu punto álxido, cunha manifestación nacional de persoas delegadas en Santiago en demanda dun cambio radical nos Orzamentos da Xunta para 2026, cuxa aprobación está prevista para o día 16. A central anunciou o pasado mes de setembro a posta en marcha dunha iniciativa que contempla mobilizacións e propostas para incorporar aos Orzamentos ante a grave situación económica e de perda de dereitos que atravesamos en Galiza.

O pasado 7 de outubro desenvólense asembleas de persoas delegadas e protestas diante das sedes do Goberno autonómico nas sete cidades, xornada que serviu para abordar os seis grandes eixos sobre os que pivota a campaña: creación de emprego digno e industrialización; recuperación, ampliación e fortalecemento dos servizos públicos; desenvolvemento dun plan galego pola igualdade; posta en marcha dun sistema de atención ás persoas nunha única rede de xestión directa; creación dun parque de vivendas dignas públicas e dun banco galego de vivenda para aluguer social; e apertura dun proceso que supere o actual Estatuto de Autonomía para que se recoñezan os dereitos nacionais de Galiza.

De xeito paralelo, a CIG trasladou aos centros de traballo as principais liñas de actuación para garantir a eficacia dunhas propostas pensadas para afrontar os efectos das políticas "letais" para a sociedade galega que o PP está a aplicar na Xunta, "poñendo todo o público a disposición do negocio e da rendibilidade do capital e dos



fondos de investimento, impondo un modelo de turismo desordenado e descontrolado e a eucaliptización do país, mentres agonizan importantes sectores produtivos e se afonda nun modelo que consolida a histórica xeración de graves desequilibrios territoriais, sociais e ambientais", tal e como sinala o secretario xeral, Paulo Carril.

Emprego digno

As medidas da CIG contemplan un Plan galego de creación de traballo digno e industrialización que garanta unha transición enerxética xusta. Unha verdadeira política industrial pública que complete os ciclos produtivos no propio país e a creación dun Banco Público Galego. A aposta decidida polo emprego digno e con dereitos, garantindo ademais na FP dual e nos contratos formativos a obriga de contrato laboral e unha retribución polo tempo de traballo.

A recuperación, ampliación e fortalecemento dos servizos públicos para priorizar o benestar colectivo fronte aos intereses do capital, nomeadamente na sanidade e no ensino. E a exigencia de que a Xunta non subscriba Convenio coas Mutuas para a xestión de determinadas patoloxías,

porque favorece a descapitalización do público en favor das empresas privadas. Un sistema público galego de servizos de atención ás persoas e a creación dun parque de vivendas dignas públicas e dun Banco Galego de vivenda para alugueiro social, xunto coa prohibición dos desafiuzamentos.

Ademais dun Plan Galego de Igualdade en cuxa elaboración teñen que participar todos os axentes sociais e políticos, garantindo o investimento público e a dotación de persoal necesario para atender a problemática da violencia contra as mulleres, comezando por darlle o peso político que merece.

E a apertura dun proceso que supere o actual Estatuto de Autonomía para que se recoñezan os dereitos nacionais de Galiza, porque "temos dereito a un desenvolvemento galego propio, a decidir sobre o noso modelo económico e social e a un marco galego de relacións laborais", polo que o Parlamento galego "debe ter plenas competencias e de xestión en todas as materias e áreas". A maiores de dispoñer dun sistema de financiamento propio, "cun réxime de concerto económico" co Estado e de proceder a unha "profunda e xusta" reforma fiscal.

A Atención Primaria, en pé por mellores condicións e unha asistencia de calidade

O persoal da Atención Primaria desenvolveu en novembro tres xornadas consecutivas de folga, convocadas pola CIG-Saúde, para reclamar un “cambio de rumbo” na xestión do Sergas tras anos de falta de planificación e de recortes na sanidade pública.

Malia os excesivos servizos mínimos impostos e os cálculos terxiversados publicados pola Consellaría, a folga rexistrou un importante seguimento, sobre todo entre o persoal de medicina de familia.

De xeito paralelo, numerosos centros de saúde acolleron concentracións para esixir melloras nas condicións de traballo, a negociación e aplicación inmediata do plan de ordenación dos recursos humanos e unha aposta política decidida en defensa da Atención



Primaria, como ámbito fundamental da sanidade pública.

A CIG-Saúde xa advertiu de novas convocatorias se a Consellaría insiste en non achegar propostas que permitan solucionar a crise que atravesará este

servizo e rexeita por insuficiente o acordo asinado polo resto de sindicatos da Mesa Sectorial, cunhas condicións que ademais entran en contradición con outros pactos acadados por Sanidade fóra deste ámbito de negociación.

Decembro de loita no ensino público galego

A CIG-Ensino, sindicato maioritario no ensino público galego, ten convocada folga para os días 16 e 17 de decembro e desenvolverá diversas actividades reivindicativas ao longo deste mes para visibilizar todos os dereitos roubados e os recortes do goberno da Xunta que levaron a que este sexa o curso máis conflictivo nos últimos 40 anos.

En paralelo, dará a coñecer nunha campaña informativa dirixida á sociedade galega cada unha das demandas da táboa reivindicativa deste conflito “que non é só laboral xa que afecta de cheo á calidade do servizo público que é a educación”.

Lembran que as principais demandas se refiren á baixada de ratios; á recuperación do horario lectivo de 21 horas en infantil e primaria e de 18 no resto de ensinanzas; á dotación de maior persoal para atender a diversidade e de profesionais de orientación; ou un plan real que permita reducir a burocracia innecesaria.

A CIG chama á colaboración das ANPA que desde comezos de curso veñen organizando mobilizacións para reclamar máis profesorado nos seus centros a que se sumen ás accións previstas a nivel comarcal para o día 16 (con marchas fúnebres entre centros educativos) e na manifestación nacional que o día 17 sairá ás 11:30 horas do Parlamento de Galiza.

Acordo salarial estatal: novo pacto de perdas

Persoal empregado público mobilizouse o pasado 2 de decembro na Delegación do Goberno na Coruña para rexeitar o acordo salarial acado a nivel estatal “que consolida perdas salariais, manipula as cifras e recicla promesas incumpridas dende hai anos”.

Para a Área Pública da CIG (Administración, Ensino e Saúde), convocante da protesta, estamos ante “un novo pacto de perdas”, ao situar os incrementos por debaixo do IPC real e renunciar a recuperar o desfase coa inflación do 2,3% do anterior acordo, e establecer unha suba do 2,5% para 2025 e un ridículo 1,5% para 2026.

Denuncian que, unha vez máis, este pacto foi “cociñado” fóra das mesas legais de negociación, excluindo deliberadamente a CIG e convertendo o chamado diálogo social “nun ritual baleiro no que só participan os sindicatos estatais para dar cobertura a decisións tomadas de antemán polo Goberno español”.

Fronte a isto, a CIG trasladara hai meses unha proposta ao Ministerio de Función Pública reclamando a introdución dunha cláusula de garantía salarial ligada ao IPC e blindada por lei (con este obxectivo, a central presentou unha PNL que está en fase de recollida de sinaturas) e aplicar unha suba do 5% para os anos 2025 e 2026, con efectos reatroactivos desde xaneiro.



As federacións de Saúde, Administración Pública e Construción celebran os Congressos

Logo do proceso de debate aberto co IX Congreso Confederal da CIG en maio, agora vense de rematar coa renovación das Secretarías e Executivas e coa definición das liñas da acción sindical das diferentes federacións sectoriais.

A Federación de Saúde elixiu a Ana Lestón Gallardo como nova secretaria nacional no congreso celebrado o pasado 22 de novembro en Lugo, baixo o lema “Coidando dereitos, construíndo futuro”.

A súa candidatura, a única que se presentaba, contou co voto unánime das persoas congresistas (83 votos a favor), pasando a relevar no cargo a Manuel González Moreira, a quen se lle fixo unha homenaxe en recoñecemento e agradecemento ao seu compromiso, traballo e militancia.

No proceso escolleuse a Executiva federal –que recibiu 81 votos a favor e 2 en branco–, que quedou conformada polas seguintes persoas: Ana Belén Lestón Gallardo, Lucía Peón Soutiño, Manuel González Moreira, María Dolores Rodríguez López, Irene Tato Mosquera, Miguel Tizón Méndez, Almudena Pérez Baltar, Sonia Castro Diéguez e Xabier Alvedro Álvarez.

Congreso da FCM-CIG

Ese mesmo día en Compostela, o IX Congreso da Federación da Construción e Madeira (FCM) reelixía a Plácido Valencia como secretario nacional con 54 votos a favor e 18 en branco. Ao proceso, desenvolto baixo o lema «Nós construímos, nós decidimos!», concorreu unha única candidatura tanto para a Secretaría nacional como para Executiva federal.

Neste último caso, a lista recibiu 72 apoios, quedando constituída a Executiva, ademais de por Plácido Valencia, por Eduardo Sebio Molguero, Marcos Sánchez Branco, Xulio Vicente González, Melanie Arias Puccio, Mario Maceiras Dosil, Lara Fernández



Lorenzo, Alfonso Losada Rodríguez, Javier Iglesias Valiñas, Francisco Xabier Espasandín García e Jesús Antonio Varela Campos.

Congreso da CIG-Administración

A xeira de renovación interna e posta a punto programática e organizativa, concluíu o pasado 29 de novembro co IX Congreso da Federación de Administración Pública, ao que concorreu unha candidatura única a todos os organismos encabezada por Luís Carballo Pose.

Este foi reelixido no seu cargo como secretario federal polo IX Congreso con 125 votos a favor, 13 en branco e 1 nulo. A nova Executiva federal recibiu 133 votos

a favor, 3 en branco e 2 nulos, e á fronte desta acompañarán a Carballo Pose as seguintes persoas: Rosa María Fernández Muñoz, Carmen Viso Rubín, Henrique del Río Otero, Manuel Gallardo Canitrot, Manuel González Fernández de Tejada, Catia Vázquez Cortiñas, Consuelo Fernández Fernández e Gonzalo Méndez Mosquera.


Neste tres procesos tamén se aprobaron os informes das Executivas saíntes (nos que se fai un balance da actividade e a xestión do último período) e as persoas congresistas debateron e definiron as liñas xerais que guiarán a acción sindical de cada unha das federacións nos próximos catro anos.

Manifestación en Santiago o domingo día 14 para rexeitar a instalación de Altri

As Plataformas Ulloa Viva e En Defensa da Ría de Arousa (PDRA), e o resto das asociacións, colectivos e organizacións que integran a mesa de coordinación nacional contra Altri -entre elas a CIG- teñen convocada unha manifestación nacional este domingo 14 de decembro, coincidindo co primeiro aniversario da mobilización que o 15 de decembro de 2024 ateigou a Praza do Obradoiro para rexeitar a instalación da macrocelulosa.

De novo a marcha de protesta sairá da Alameda ás 12:00 horas, nesta ocasión baixo o lema 'Desde a Ulloa ata o mar, polas que somos e as que virán' para berrar alto e claro 'Altri non. Fóra xa'. Dende os colectivos convocantes chaman a sociedade galega a expresar "masivamente e de maneira moi clara o rexeitamento a un proxecto que ataca directamente o modo de vida da comarca da Ulloa, a calidade das augas do río Ulla e a supervivencia da pesca e o marisqueo na Ría de Arousa".

Por iso amósanse convencidos de que, de igual maneira que o pobo galego fixo fronte á marea negra do Prestige e ás vagas de lumes, "poñeremos fin a este despropósito de proxecto que representa Altri". Lembran que foi unha "mobilización



histórica" a que deixou a Altri fóra do PERTE da descarbonización e das axudas públicas de 250 millóns de euros que a empresa demandaba, e confían en que esta nova protesta deixe a compañía fóra definitivamente da planificación eléctrica, captación de auga e autorización ambiental integrada da Xunta.

"É máis necesario ca nunca continuar coa presión mobilizadora para soterrar dunha vez por todas este proxecto paralizándo as autorizacións pendentes da Xunta", evitando deste xeito as posteriores reclamacións xudiciais de tipo económico "que vai interpoñer Altri para tentar indemnizacións con cargo ás arcas públicas".

Neste senso, consideran que o anuncio do Goberno español de non incluír na Planificación Eléctrica 2025-2030 a liña eléctrica e a subestación necesarias para o Proxecto Gama "vai no camiño das nosas demandas para que non sexa autorizado o proxecto de Altri-Smarttia". Porén "o noso obxectivo é impedir a volta atrás nesta Planificación eléctrica 2030", e por iso "faremos seguimento na tramitación, mesmo formulando alegacións,

para que a aprobación definitiva desta Planificación sexa firme". Sinalaron ademais que neste contexto "temos que alegar como resposta diante dos anuncios da Xunta e das empresas que conforman o proxecto Gama de que alegarán contra a decisión do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (Miteco).

POR MOITA LEI QUE CAMBIEN, NON NOS TAPARÁN OS OLLOS

Nós tamén somos paisaxe

CONCENTRACIÓN

16 de decembro, ás 16,30h. no Parlamento Galego

COORDENADORA EÓLICA

ASÍ NON!